

11 Roma, dona do mundo

1 O espazo e o tempo

1.1 O marco xeográfico

A civilización romana naceu na Península Itálica. No século VIII a.C., a Península estaba habitada por diversos pobos, como os etruscos no norte; os latinos no centro, e os gregos no sur.

A fundación de Roma tivo lugar no ano 753 a.C.

1.2 A evolución histórica

Na historia de Roma distínguense tres etapas:

- A **Monarquía** (753-509 a.C.). Roma tivo sete reis: catro latinos e tres etruscos. Co tempo, a dominación etrusca provocou un gran descontento. No ano 509 a.C., unha gran revolta rematou co último rei etrusco.
- A **República** (509-27 a.C.). Roma alcanzou unha grande expansión territorial grazas ao seu ben organizado exército. Primeiro, impúxose sobre os pobos da Península Itálica. Logo, dominou o Mediterráneo occidental, tras derrotar a Cartago. Por último, estendeuse sobre o Mediterráneo oriental.
- O **Imperio** (27 a.C-476 d.C.). Roma alcanzou neste período a súa máxima extensión territorial. Ademais, avanzou a romanización, proceso polo que os pobos conquistados foron adoptando as organizacións política, económica, social e cultural de Roma.

No **século III** o imperio romano entrou nunha profunda crise. Esta crise acabou provocando a súa división en dous: o de **Occidente**, con capital en Roma, e o de **Oriente**, con capital en Constantinopla. O Imperio Romano de Occidente rematou como consecuencia das invasións dos pobos xermanos (476 d.C.).




- Os xemelgos Rómulo e Remo foron aleitados por unha loba, segundo a mitoloxía romana. Rómulo foi o fundador e o primeiro rei de Roma.



- A maior parte do territorio conquistado por Roma databa de tempos da República. Non obstante, a expansión continuou durante a época imperial e alcanzou a súa máxima extensión á morte do emperador Traxano, no ano 117 d.C.

Tarefas para progresar



▼ Localizar información no espazo

1 Completa os espazos sinalados do mapa superior do imperio romano.

▼ Comprender a realidade histórica

2 Define o concepto de *romanización*.

.....

.....

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

3 Calcula o tempo que durou a civilización romana.

.....

4 Contesta as seguintes preguntas.

- a) Onde naceu a civilización romana?
- b) En que ano foi fundada Roma?

▼ Obter información

5 Completa este eixe cronolóxico cos nomes das etapas da historia de Roma e a súa cronoloxía.

DATAS				
ETAPAS				

▼ Relacionar informacións

6 Relaciona cada palabra cunha etapa da historia de Roma:

- a) Romanización:
- b) Reis:
- c) Cartago:

2 A organización política, económica e social

2.1 A organización política

Durante a **Monarquía**, o rei tiña un poder absoluto: gobernaba, dirixía o exército e o culto relixioso. Nalgúns asuntos era aconsellado por un Senado, formado por familias ricas e poderosas (**patricios**). O resto da poboación, os plebeos, non tiña dereitos políticos.

Durante a **República**, o goberno estivo en mans de tres institucións: as **assembleas populares** (aproban as leis e elixían os maxistrados), o **Senado** (tomaba as decisións importantes) e os **maxistrados** (exercían o goberno).

Durante o **Imperio**, os emperadores concentraron todos os poderes: político, militar, lexislativo e relixioso. As institucións republicanas mantivéronse, pero estaban controladas polo **emperador**.


2.2 A organización da actividade económica

A **agricultura** baseouse no cultivo de cereais, vide, oliveira, froitas e hortalizas e melloráronse os regadíos. A **minería** explotou minerais como ouro, prata, ferro, chumbo, estaño, cobre, mercurio e sal. A **artesanía** incluía unha gran variedade de oficios. Tamén se desenvolveron **industrias alimentarias**, como a fabricación de aceite, viño, pan e salgadura de peixe. O **comercio** foi intenso, dentro e fóra do imperio romano.

2.3 A organización social

As persoas pertencían a distintos grupos sociais, segundo tiveran ou non o dereito de cidadanía e segundo a súa riqueza.

- Os **cidadáns** tiñan plenos dereitos políticos (votar) e civís (casar). Este grupo formábane unha minoría acomodada (senadores, maxistrados, patricios e militares), e unha maioría de persoas humildes (plebe rústica e urbana).
- Os **non cidadáns** carecían de dereitos. A este grupo pertencían as mulleres libres, os libertos ou escravos liberados e os escravos.



- ▶ Octavio Augusto (63 a.C.-14 d.C.) converteuse, no ano 27 a.C., no primeiro emperador romano. Concentrou na súa persoa todos os poderes políticos e relixiosos. Quedaba, deste xeito, anulada a democracia da República.



- ▶ A vila romana era a unidade básica de produción agrícola. Nela tiñan a súa luxosa residencia o dono e a súa familia e, ao seu redor, dispoñíanse os dormitorios dos serventes e dos escravos, as despensas, o celeiro, os cortes, os almacéns de aceite e outros artigos, a prensa de aceite e viño e os cultivos.

- ▶ O acueduto de Segovia. A obra social romana foi moi importante co fin de que todas as cidades do imperio tivesen os servizos básicos cubertos.

Tarefas para progresar

▼ Comprender a realidade histórica

7 Responde as preguntas:

a) Quen tiña o poder durante a Monarquía?

.....

b) Que institucións había na República?

.....

▼ Producir textos

8 Coa axuda das seguintes ilustracións, redacta un breve texto explicando a organización da sociedade romana.



.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións

9 Relaciona os conceptos das dúas columnas:

- | | |
|---------------------------|--------------------------|
| A) Fabricación de aceite | 1. Minería |
| B) Cultivos de hortalizas | 2. Artesanía |
| C) Explotación de ouro | 3. Agricultura |
| D) Variedade de oficios | 4. Industria alimentaria |

.....

.....

▼ Obter información

10 Analiza a ilustración da vila romana da páxina anterior e escribe unha relación das súas principais dependencias.

.....


.....

.....

.....

▼ Organizar a información

11 Coloca cada grupo social no seu nivel correspondente: senadores, mulleres libres, escravos, militares, artesáns, patricios, libertos e maxistrados.



3 A relixión, a cultura e a arte romanas

3.1 A relixión romana. O cristianismo

Os romanos eran politeístas, pois crían en moitos deuses. Nas súas casas tamén adoraban os espíritos dos seus antepasados e os deuses protectores do fogar.

A comezos do Imperio apareceu unha relixión nova, o **cristianismo**, cuxos crentes só aceptaban un único deus e acabou sendo a relixión oficial de todo o mundo romano.

3.2 A cultura e a arte

As achegas máis importantes da cultura romana foron o **latín**, do que derivan moitas linguas europeas actuais, e o **dereito**, ou leis escritas para regular as relacións entre as persoas e entre estas e o Estado. É a base do dereito actual.



A **arquitectura** romana tiña unha finalidade práctica. Os materiais utilizados foron o ladrillo, a pedra, o mármore e o cemento. Os romanos empregaron as ordes gregas, a toscana e a romana-composta. Para cubrir os teitos usaron arcos, bóvedas e cúpulas.

O **templo** foi o edificio relixioso principal. Era rectangular, con escalinatas na fachada principal, e estaba rodeado de columnas. Os **edificios civís** foron moi variados: basílicas, termas, teatros, anfiteatros e circos. Ademais, os romanos contruíron **obras de enxeñería** (calzadas, pontes e acuedutos), e **monumentos conmemorativos** (columnas conmemorativas e arcos de triunfo).

A **escultura** romana deu lugar a retratos moi realistas. A **pintura** usouse para decorar as paredes dos palacios e das vilas, e o **mosaico**, para adornar os seus solos e as súas paredes.



▶ A deusa Venus. Ao igual que os gregos, os romanos representaban os seus deuses con formas humanas.



▶ **1. Toscana.** O capitel é semellante ao dórico, pero a columna ten basea e fuste liso.
2. Composta. O capitel mestura as volutas do xónico e as follas de acanto do corintio.

Tarefas para progresar

▼ Usar o vocabulario

12 Que é o dereito?

.....

.....

.....

▼ Comprender a realidade histórica

13 Responde estas cuestións:

a) Por que era politeísta a relixión romana?

.....

.....

.....

b) Como eran os templos romanos?

.....

.....

c) Para que usaron os romanos a pintura e o mosaico?

.....

.....

.....

▼ Relacionar informacións

14 Escribe xunto a cada palabra se é un edificio relixioso, civil, unha obra de enxeñaría ou un monumento conmemorativo:

- a) Acueduto:
- b) Arco de triunfo:
- c) Circo:
- d) Templo:
- e) Anfiteatro:
- f) Ponte:
- g) Basílica:

15 Indica, xunto a cada frase, se é verdadeira (V) ou falsa (F):

- a) Os romanos tamén adoraban os espíritos dos seus antepasados.
- b) As achegas culturais máis importantes dos romanos foron o latín e o dereito.
- c) En arquitectura, os romanos empregaron as ordes exipcias.
- d) A escultura romana era moi idealizada.
- e) Os mosaicos romanos adornaban chans e paredes.
- f) O dereito romano é a base do dereito actual.

▼ Producir textos

16 Observa a imaxe do anfiteatro romano da páxina anterior, e descríbeo indicando as súas partes.

.....

.....

.....

▼ Organizar a información

17 Completa este cadro resumo sobre a arquitectura romana:

MATERIAIS	
ORDES	
CUBERTAS	
EDIFICIOS PRINCIPAIS	